

Fundamentos de Administración e Xestión 2º de bacharelato

1. Obxetivos da materia.

Fundamentos de Administración e Xestión é unha materia específica no segundo curso de Bacharelato que conta con 3 horas lectivas semanais, podendo ser escollida como tal polo alumnado da modalidade de bacharelato de **Ciencias Sociais**. **O alumno non poderá examinarse desta materia nas probas ABAU.**

A materia de Fundamentos de Administración e Xestión presenta un enfoque eminentemente práctico e introdutorio á realidade diaria das PEME. Para levar a cabo os procesos do traballo administrativo, o alumnado deberá empregar unha serie de coñecementos matemáticos, xurídicos, contables, comunicativos e de tratamento da información.

A materia busca tamén estimular entre o alumnado as destrezas e as habilidades que permitan pór en marcha e manter un proxecto empresarial a través do estudo das variables que determinan a súa viabilidade.

O espírito emprendedor foi introducíndose moi timidamente no sistema educativo, pese a que é un elemento xerador de emprego. O desenvolvemento do espírito de empresa en alumnos de Bacharelato esixe proporcionarlles unha visión básica, e, sobre todo, práctica, da administración da empresa, que lles permita entender como funcionan as organizacións e como se relacionan cos demais axentes económicos e sociais.

Constitúe obxecto de estudo desta materia o conxunto de áreas e funcións nas que se divide a actividade da empresa, tanto no nivel de planificación e definición de obxectivos como no nivel de xestión diaria dos recursos e as actividades da empresa que permitan alcanzar o obxectivo de consolidación dun proxecto empresarial, todo isto enmarcado dentro da idea de fomentar o espírito emprendedor na educación secundaria.

Préstase especial atención ao desenvolvemento da creatividade e o espírito de innovación para resolver situacións en diferentes ámbitos, así como a relevancia de valorar e percibir o erro de xeito positivo. Incentívase a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, con independencia do resultado final, promóvese o traballo en equipo, mantendo unha comunicación fluída entre as persoas autoras do proxecto compartido, e dáselle un especial impulso á utilización de ferramentas informáticas e audiovisuais que axuden á difusión efectiva do proxecto.

Os obxectivos xerais da materia son os seguintes:

- Asumir a creación de empresas como unha alternativa para o desenvolvemento das inquietudes e necesidades laborais e profesionais.
- Comprender o concepto de emprendedor e valorar a súa importancia como axente de desenvolvemento e innovación.

- Desenvolver actitudes e comportamentos acordes co espírito emprendedor.
- Recoñecer o traballo en equipo como forma de organización do traballo e valorar a súa importancia.
- Detectar as oportunidades de negocio que ofrece o mercado.
- Comprender a importancia de facer un plan de empresa para reducir o risco empresarial.
- Seleccionar a forma xurídica máis adecuada ás características da empresa.
- Coñecer e aplicar os trámites necesarios para a creación e posta en marcha dunha empresa e identificar os organismos oficiais competentes..
- Coñecer e manexar as técnicas básicas que se utilizan nas diferentes áreas que compoñen a empresa.
- Ser capaz de valorar criticamente as posibles consecuencias sociais e ambientais da actividade empresarial.
- Identificar e manexar a documentación xerada nas operacións de compravenda e as distintas formas de cobramento e pagamento.
- Coñecer e aplicar a técnica contable para resolver supostos sinxelos dun ciclo económico completo, de acordo co esixido pola normativa legal vixente.
- Interpretar os elementos básicos que configuran os impostos que afectan a empresa
- Identificar as funcións do departamento de Recursos Humanos dunha empresa sabendo confeccionar e xestionar todo o relativo á documentación requirida.
- Recoñecer a existencia de conflitos e entender a negociación como forma de resolución de conflitos.
- Coñecer as operacións financeiras máis habituais que realizan as empresas.
- Coñecer as fontes onde localizar as normas xurídicas e calquera tipo de información que afecte a empresa.
- Obter, seleccionar e comprender de maneira clara e coherente informacións sobre feitos relevantes do ámbito empresarial.
- Valorar a importancia que para a economía teñen as empresas, como xeradoras de emprego, innovación e como motores do desenvolvemento económico e social.
- Valorar a importancia que para a economía teñen as empresas, como xeradoras de emprego, innovación e como motores do desenvolvemento económico e social.
- Expoñer un proxecto de emprendemento.

2. Contidos e bloques.

A materia estrutúrase en nove bloques:

1. "Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa",
2. "A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos",

3. "Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa",
4. "O plan de aprovisionamento",
5. "Xestión comercial e márketing na empresa",
6. "Xestión dos recursos humanos",
7. "Xestión da contabilidade da empresa. Investimento e xestión financeira",
8. "Viabilidade da empresa"
9. "Presentación da idea de negocio".

3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

4. Criterios sobre a avaliación e cualificación.

- Probas escritas por avaliación:

Farase unha proba ao final de cada unidade. Será de contido teórico – práctico.

Esta proba consistirá en preguntas de desenvolvemento tipo test referidas aos conceptos da unidade e preguntas de resposta curta, na que os alumnos mostren a súa comprensión dos coñecementos adquiridos e a súa capacidade para relacionalos e aplicarlos a novos casos e situacións. Nalgunha proba poderá haber tamén unha parte práctica na que se apliquen os procedementos e estratexias aprendidos en clase.

- Traballo do alumnado:

Despois de cada unidade didáctica, os alumnos e alumnas deberán realizar un mapa conceptual, actividades e exercicios sobre os contidos estudados e presentalos ó profesor para a súa corrección e avaliación. Ademais podrán realizar outras actividades como resumos, exposicións orais, traballos de investigación, comentarios de texto, resolución de problemas, análise de noticias de actualidade.

Plan de empresa: O plan de empresa se irá confeccionando durante todo o curso. En cada unha das avaliacións comprobarase o correcto desenvolvemento de dito proxecto.

O plan de empresa e outros traballos, actividades, exercicios, etc. teñen carácter **obligatorio** para poder superar a materia.

- Seguimento diario en clase: Teráse en conta para a cualificación do alumno, a súa asistencia e puntualidade, a participación activa na clase, o uso ordenado do material entregado, a orde e o método ao realizar as tarefas, o respecto e tolerancia cos compañeiros e profesora, a coordinación e

comunicación nos grupos de traballo, a creatividade e a expresión das propias ideas, capacidade de busca de solucións a problemas, traer o material necesario a clase (apuntes, libreta) eo respecto ás normas de convivencia .

5. Relación con estudos universitarios

PARA QUE SIRVE? axeitada especialmente para aquel alumnado que pense cursar estudos universitarios tales como: economía, ciencias empresariais, administración e dirección de empresas, dereito, comercio e marketing, turismo, relacións laborais e recursos humanos, xestión de pequenas e medianas empresas, xestión industrial de moda, dirección e xestión pública etc. Tamén é moi recomendable para aqueles/as que queiran facer un ciclo de grao superior como “administración e finanzas” e para os que queiran ser o seu propio xefe nun futuro próximo.